

Detectado erro na publicación dos acordos do Consello de Goberno, correspondentes á súa reunión do 30 de novembro de 2021, e consonte ao establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, que dispón que *as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes no seus actos,*

ESTA SECRETARÍA XERAL RESOLVE emendar o erro na publicación, de xeito que,

Onde di

- * *Nomeamento das persoas da Universidade de Vigo, que compoñen as Comisións de Avaliación da III Convocatoria do Programa Docencia:*
 - *Ámbito Científico:*
 - *Pombal Diego, Miguel Ángel*

Debe dicir

- * Nomeamento das persoas da Universidade de Vigo, que compoñen as Comisións de Avaliación da III Convocatoria do Programa Docencia:
 - *Ámbito Científico:*
 - *Pombal Diego, Manuel Ángel*

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.